



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 6/2020 DO PLENO REALIZADA O DÍA 30-12-2020

Na biblioteca municipal do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e dous minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte reúnense, presencialmente en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

Aínda que a intención da Alcaldía era realizar a sesión de xeito telemático, os problemas de telecomunicacións existentes poñen en risco o transcurso adecuado da mesma, polo que se decidiu finalmente pola realización presencial

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 11-12-2020. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior.

Formúlanse as seguintes propostas de modificación:

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) indica que houbo un esquecemento no punto 10 de Aprobación inicial desafectación camiño en Lousada: M^a Dolores Porto Álvarez e María José Pérez Ares, xa que o sr. Boado (BNG) ausentouse neste punto polo motivo de vínculo familiar cunha das promotoras; por parte de Secretaría confirmase a existencia de tal esquecemento, xa que figura como hora de ausencia as 13:15, antes de iniciarse o punto, e como momento de incorporación as 13:20 horas, ao remate do punto. Polo tanto a modificación consiste en incorporar as seguintes omisións e corrección:

- Ao remate do punto 9: *Sendo as 13:15 horas abandona temporalmente a sesión o sr. Boado (BNG) pola existencia de vínculo familiar cunha das promotoras do punto 10.*
- Ao remate do punto 10: *Sendo as 13:20 horas reincorpórase á sesión o sr. Boado (BNG).*



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- No parágrafo da votación ten que dicir: “... *sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade e maioría absoluta de 7 votos favorables, o seguinte acordo:* “

O sr. Boado indica que non se recolleu adecuadamente a súa intervención no punto de modificación de ordenanzas fiscais, que se pode corrixir eliminando a palabra denunciado; polo tanto no resumo da súa intervención recollerase: “...*está en contra, especialmente no gravame de 60 € ás denuncias, xa que debería ser pagado polo infractor constatado, ...*”.

Non se formulan outras alegacións polo que se somete a votación ordinaria, con resultado de unanimidade de 9 votos favorables, quedando **aprobada** a acta da sesión extraordinaria de 11-12-2020, coas correccións citadas nos puntos 7, 9 e 10.

2. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 1/2021. Dáse conta de que finalmente constatouse a innecesariedade de tramitar dita modificación, polo que o punto queda sen contido. As modificacións que se pretendían incorporar neste expediente vanse alegar no procedemento de exposición pública do orzamento 2021, polo que terá que ser sometido a aprobación definitiva nunha nova sesión plenaria.

3. APROBACIÓN CONTA XERAL 2019. Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación da conta xeral (informe de secretaría-intervención, ditame da comisión especial de contas do 13-11-2020, exposición pública (BOP do 19-11-1010) sen alegacións, etc.), así como sobre dos aspectos esenciais da conta presentada. Debido á pandemia do coronavirus este asunto tivo importantes cambios: por unha parte, debido á suspensión dos prazos, atrasáronse os prazos límite de tramitación, así como tamén se suspenderon as regras fiscais nos anos 2020 e 2021. Como resumo xeral mellora o resultado orzamentario e o remanente de tesourería, pero empeora o incumprimento da regra de gasto.

Tamén dáse conta dos informes sobre o incumprimento da regra de gasto (-186.416,12 €) e das deficiencias ou anomalías sinaladas pola intervención no seu control orzamentario e contable.

Nun breve debate sobre o asunto tanto o sr. Boado (BNG), como a sra. Cal (PSdeG-PSOE), anuncian a súa abstención na votación.

Sométese a votación ordinaria o asunto, resultando aprobado, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 0 en contra e 2 abstencións (sres. Boado e Cal) o seguinte **acordo**:

1. Aprobar definitivamente a conta xeral do exercicio 2019, ditaminada favorablemente pola comisión especial de contas, sendo os resultados económicos principais os seguintes:

- Resultado orzamentario axustado:..... 68.820,88 euros.
- Remanente líquido de tesourería (gastos xerais): 391.594,01 euros (importe axustado).

2. Renderase a conta ao Consello de Contas de Galicia, Tribunal de Cuentas e demais órganos de tutela económico-financeira, aos efectos de control externo.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4. ACEPTACIÓN DOAZÓN DE TERREO PARA AMPLIACIÓN DE VIAL EN VILAR DA VIÑA: ANTONIA COUCE DÍAZ. Dáse conta da tramitación da doazón ao concello dun pequeno terreo para a ampliación necesaria dun viario municipal.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. O Concello de Irixoa acepta a doazón realizada por Antonia Couce Díaz en relación á un pequeno terreo urbano de 32 m² da esquina suroeste da súa parcela nº 172 do polígono 503, para ampliar un cruce de pistas municipais en Vilar da Viña (parroquia de Ambroa).

A doazón acéptase coa condición exposta pola doante de que se incorpore permanentemente ao viario público municipal, coa pavimentación que resulte adecuada.

2. Autorízase a pequena segregación desta pequena porción de terreo, xa que afecta a solo catastralmente urbano e urbanisticamente solo de núcleo rural histórico tradicional. Facúltase ao sr. alcalde, Antonio Deibe Sanmartín, para a sinatura de calquera documento ou realización de calquera xestión necesaria para a formalización da doazón e a correspondente tramitación (catastro, rexistro, etc.).

3. Notificarase o presente acordo utilizando o modelo C-9985 dos establecidos polo concello.

5. MOCIÓN DO BNG SOBRE REACTIVACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA. Dáse conta, por parte do voceiro do BNG sr. Boado, da moción presentada sobre a reactivación da asistencia sanitaria, que en resumo ten a seguinte xustificación: a pandemia do COVID-19 evidenciou os recortes do PP ao sistema sanitario, cando o que se precisa é un sistema forte e con recursos, especialmente en atención primaria; a Xunta de Galicia reduciu drasticamente a asistencia presencial e preferenciou a consulta telefónica, con moitos problemas de comunicación e sobrecarga de traballo dos profesionais, con esgotamento físico e mental intolerable; é preciso desconfinar a sanidade pública, non fomentado o recurso á sanidade privada, reactivando a atención presencial con máis persoal e centrándose na COVID-19, pero tamén no resto das patoloxías.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) preséntase unha emenda de engadidura á moción de 2 puntos de acordo; este engadido é aceptado expresamente polo sr. Boado para tramitalo conxuntamente coa súa moción.

Polo tanto, a proposta de acordo da moción é a seguinte:

Instamos á Xunta de Galicia a :

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profe-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

sionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogas clínicas, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

6.- A acabar coa eventualidade e precariedade dos profesionais sanitarios DUE (diplomado universitario de enfermería), así como tamén dos médicos. (engadido PSOE)

7.- Que as prazas que non foron sacadas a concurso, sexan cubertas polos profesionais que están en espera das mesmas, para que estes profesionais sanitarios teñan unha estabilidade profesional e persoal. (engadido PSOE)

Por parte do sr. Deibe (PP) móstrase unha postura xeral contraria á moción; considera que se contratou a todo o persoal sanitario dispoñible; no caso dos MIR a competencia é estatal non da xunta de Galicia; o investimento e gasto en sanidade é o máis importante da Xunta (40 %); a atención sanitaria telefónica, agás excepcións, é boa e eficaz; estanse atendendo as operacións urxentes; as urxencias e restricións derivadas da pandemia afectou a todo o sistema, pero segue funcionando e a poboación non está desatendida.

Pola contra, tanto o sr. Boado como a sra. Cal, consideran que a nivel xeral as consultas telefónicas non funcionan, con sobrecargas e esperas inconcibibles, afectando sobre todo á atención primaria.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando **rexeitada** a moción, por 2 votos favorables e 7 votos en contra (sres. Abeal, Deibe, Dopico, Freire, Otero, Pérez e Roca).

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DA AUTONOMÍA FINANCIERA DE GALICIA. Dáse conta, por parte do voceiro do PP sr. Deibe, da moción presentada en apoio da autonomía financeira de Galicia, que en resumo ten a seguinte xustificación: o art. 156 da constitución garante a autonomía financeira das autonomías, que se materializa por medio de tributos propios e impostos cedidos, total ou parcialmente (renda, patrimonio, sucesións, transmisións patrimoniais, xogo, etc.); a Xunta de Galicia desenvolveu a súa autonomía fiscal, supoñendo unha baixada dos impostos que benefician ás clases medias e baixas, así como a sectores básicos coma o agrario; son destacables as rebaixas do IRPF, a práctica eliminación do ISD, eliminación ou redución do ITP; os sucesivos procesos electorais revalidaron a política económica da Xunta; o goberno de coalición PSOE-Podemos trata de deturpar o dereito civil de Galicia e a autonomía fiscal, incluíndo no proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal castigos ás vendas dos bens herdados en vida, mentres vivan os causantes, elevando a tributación no IRPF, medida xa aplicada pola AEAT no pasado e desautorizada polos tribunais e o Parlamento de Galicia; a harmonización fiscal pretendida polo goberno e grupos coma ERC, supoñen de facto unha subida de impostos e un ataque á autonomía fiscal das comunidades autónomas, motivando a crítica das asociacións de asesores fiscais, tanto pola deficiente técnica legislativa como pola dubidosa constitucionalidade.

Na defensa da moción o sr. Deibe considera que o goberno central pórtase mal con Galicia, en especial no reparto dos fondos de recuperación pola COVID-19 que benefician a comunidades



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

como Cataluña, xa que aplicando os criterios de reparto habituais Galicia ampliaría a súa participación.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) anúnciase un voto contrario á moción, xa que considera que non é certa a xustificación da moción, senón enganosa, xa que por exemplo o incremento do límite exento no imposto de sucesións só beneficia aos ricos; coma consideración xeral estima que a oposición do PP ao goberno central non é construtiva, xoga irresponsablemente co tema da pandemia e só sabe colocar pedras na roda do muíño.

Sendo as 13.50 horas abandona a sesión o sr. Otero.

Por parte do sr. Boado (BNG) anúnciase a súa abstención.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 6 votos favorables, 1 voto contrario (sra. Cal) e 1 abstención (sr. Boado), a moción do PP que contén o seguinte **acordo**:

1. Instar ao goberno central a que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia.
2. Instar ao goberno central a que os acordos que se adopten en ámbitos que afecten á capacidade financeira de Galicia sexan tomados no marco do Consello de Política Fiscal e Financeira -órgano multilateral no que están representadas todas as CCAA- e da Comisión Mixta de Transferencias Estado — Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Instar aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado a que na tramitación parlamentaria do Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, actualmente no Congreso, se proceda a supresión do artigo que reforma a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas para introducir a ficción legal consistente en declarar como comportamento fraudulento, que non admite proba en contrario, toda venda dos bens recibidos a través dos pactos sucesorios en vida regulados no Dereito Civil de Galicia; por tratarse dunha clara e inxustificada vulneración da autonomía competencial e financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, e do principio de lealdade institucional que debe presidir as relacións entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.

7. MOCIÓNS DE URXENCIA:. Non se formula ningunha polos grupos municipais.

8. ROGOS. Non se formulan.

9. PREGUNTAS. Na quenda de pregunta formula a sra. Cal (PSdeG-PSOE) a seguinte:

Hai novidades en canto á protesta dos grupos municipais sobre os fallos de telefonía?

Contesta o sr. Deibe (PP) indicando que non hai novidades nin contestación.

Prodúcese un breve debate sobre os reiterados fallos de telecomunicación no concello, que poden ser derivados dos cambios de frecuencia implantados (interferencias dividendo dixital



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

TDT, fibra, etc.). Segundo as comunicacións dos diversos concelleiros as deficiencias concéntranse en diversos lugares das parroquias de Ambroa, Churío e Verís.

Sendo as catorce horas e catro minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE